

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015767	Politécnico de Santiago	Santiago de Compostela	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CMMAM03	Procesamento e transformación da madeira	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP1637	Recepción e almacén en industrias da madeira	2022/2023	4	70	70

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coa empresa "Finsa", no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Á hora de elaborar a programación didáctica é importante que esta, ademais da necesaria adecuación ao currículo formativo, teña en conta a realidade empresarial da área de influencia do centro educativo: tanto de maneira particular como do contexto xeral que caracteriza o sistema produtivo vinculado ás empresas da madeira da nosa comunidade.

A nivel xeral podemos indicar que a madeira cortada en Galicia supón o 40% do total do Estado no caso das coníferas e o 75% no caso das frondosas (fonte: Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico. Estadística Anual de Cortas de Madera; Análisis autonómico de las cortas totales de coníferas y frondosas, 2019).

Se trasladamos o dito no parágrafo anterior a cifras, estaremos falando de 3.806.823 m3 de madeira de coníferas e de 5.869.311 m3 de madeira de frondosas (fundamentalmente de Eucalyptus spp, que supón o 95% do total).

Este importante volume de madeira cortada explica que sexa precisamente en Galicia onde atopamos a principal empresa madeireira do estado, Finsa.

A continuación farase unha análise da tipoloxía de empresas vinculadas á primeira transformación da madeira (CNAE 1610 -Serradura e cepilladura da madeira- e CNAE 1621 -Fabricación de chapas e taboleiros de madeira-).

En Galicia existen 241 empresas vinculadas ao serrado da madeira e 20 á fabricación de taboleiros (fonte: Consellería de Medio Rural. Anuario de Estadística Forestal de Galicia 2019) que supoñen 8.728 de afiliacións á Seguridade Social (fonte: Instituto Galego de Estadística, Afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro de 2020).

Un número importante das empresas vinculadas ao serrado (poderíamos chamarlles fábricas) pechou nos últimos anos debido, na maioría dos casos, a unha falta de adecuación tecnolóxica e á falta de materia prima. Como consecuencia, os serradoiros que se manteñen posúen cada vez un maior grado de tecnificación, se ben o valor engadido dos produtos ten aínda unha ampla marxe de mellora. Neste apartado destaca o serradoiro que Finsa posúe en Santiago, ao situarse entre os 3 primeiros en volume de madeira procesada e ocupando tamén posicións destacadas en nivel de automatización.

As 20 empresas vinculadas á fabricación de taboleiros divídense en:

7 delas fabrican taboleiro de partículas ou fibras (os tipos de produtos con maior volume de produción, facturación e número de empregos xerados).

Unha produce taboleiro de fibras de alta densidade -hardboard- e está situada en Betanzos (Betanzos HB).

Outras dúas fabrican taboleiro aglomerado: Finsa Santiago e Unemsa en Coristanco.

As outras 4 elaboran MDF, trátase de Finsa Padrón, Orember en Ourense ¿grupo Finsa-, Fibranor en Rábade ¿grupo Finsa- e Intasa en Valdoviño.

As 13 restantes fan taboleiros de tipo alistonado ou contrachapado. Cómpre destacar, entre elas, a empresa Xilonor, en Coirós, dedicada á fabricación de CLT.

Unha vez esbozado o sistema produtivo galego relacionado coa madeira, pasaremos a realizar unha análise centrada na área de influencia do CIFP Politécnico de Santiago.

Nesta zona existen uns 22 serradoiros, dos que o do grupo Finsa é o presenta un maior volume de produción e un maior grao de automatización; non todos contan cun secadoiro forzado de madeira e os produtos céntranse, na maioría dos casos, na elaboración de táboa para embalaxe.

Na comarca tamén existen dúas fábricas que se dedican á fabricación de taboleiros e ambas realizan todo o proceso de fabricación, desde o taboleiro cru ata o taboleiro recuberto final; unha elabora taboleiro aglomerado e alistonado (Finsa Santiago) e outra MDF (Finsa Padrón); esta última fábrica utiliza, para o produto final, tanto melaminas como chapas de madeira natural.

Para rematar, non podemos deixar de poñer de manifesto unha especificidade desta Dual e é que, que grazas ao convenio coa empresa Finsa, o alumnado pode ver integrados nunha mesma fábrica todos os procesos de primeira e segunda transformación da madeira: serrado, secado e tratamento, fabricación de taboleiro e fabricación de mobiliario mediante sistemas automatizados.

O perfil profesional do título de Técnico en Procesamento e Tratamento da Madeira determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo

Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

En xeral, podemos concluir que o currículo concrétese ao ámbito produtivo en función dos puntos seguintes:

- 1.- O perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisión sobre o control de procesos de produción cun alto grao de automatización, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.
- 2.- A necesidade de elaborar produtos de alto valor engadido, especialmente no caso do serrado da madeira, así como as esixencias normativas en relación á calidade e á protección ambiental implicarán a implementación de novos equipamentos e procesos nos sistemas produtivos.
- 3.- O aumento no uso da madeira como material de construción vai implicar que as empresas dedicadas ao serrado primen os esforzos na obtención de madeira de alta calidade, o que implicará un mellor coñecemento dos despeses da tora de madeira e unha clasificación automatizada por calidades.
- 4.- Os aspectos negativos asociados a certos tratamentos químicos da madeira levarán ao uso de madeiras tratadas onde os procesos que se lles apliquen para a súa maior duración sexan dun menor impacto medioambiental, como é o caso da madeira modificada, un material emerxente no campo da construción.

Atendendo as especificións do curriculum, este módulo profesional centrarase nos aspectos seguintes:

- ¿ Control das entradas e saídas da madeira en rolo no parque de madeira e de outras materias primas.
- ¿ Almacenamento da madeira en rolo e de outras materias primas.
- ¿ Clasificación da madeira húmida e seca para o control da humidade dos lotes de madeira.
- ¿ Aplicación dos plans de prevención de riscos laborais asociados ao almacenamento da madeira en rolo.
- ¿ Identificación de máquinas e equipos de control de almacén.
- ¿ Análise da documentación técnica empregada ou xerada.
- ¿ Identificación de produtos almacenados.
- ¿ Xestión de residuos xerados.

Indicar tamén que este módulo formativo ten asociada a Unidade de Competencia "UC0169_2: Efectuar a recepción, clasificado e preparación da madeira en rolo". O que permite obter a Cualificación Profesional "Aserrado de Madeira. MAM061_2. (Real Decreto 295/2004, de 20 de febreiro)" a aquel alumnado que posúa a Unidade de Competencia "UC0170_2: Realizar o despezamento da madeira en rolo e clasificar a madeira serrada" asociada ao módulo "1638. Serrado e despece da madeira".

A Unidade de Competencia asociada ao presente módulo contemplase na programación, sobre todo no que se refire aos contidos mínimos, a fin de garantir a coordinación do conxunto entre o sistema de sistemas de cualificacións e formación profesional (Educación e formación 2010, proceso de Copenhague); xa que a Unidade de Competencia é o agregado mínimo susceptible de recoñecemento e acreditación parcial ante a administración laboral co fin de acadar o Certificado de Profesionalidade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	10	14
2	A recepción de produtos no parque de madeira.	Tipos de madeiras no parque de toras. Criterios de xestión. Elementos dun almacén de produto final. Sistemas de peletizado e picking.	20	29
3	Criterios de calidade dos produtos asociados ao parque de madeiras.	Xestión do parque de madeiras tendo en conta a calidade dos produtos de entrada	15	21
4	Os sistemas de almacenamento e transporte no parque de madeiras.	Métodos de transporte e almacenamento de toras de madeira e astillas. Sistemas de transporte e almacenamento en almacéns de produto final	10	15
5	Os sistemas de información no parque de madeiras.	Xestión informatizada da información xerada nun parque de madeiras e almacén de produto final	5	7
6	Os procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	Xestión dos riscos laborais e de protección do medio ambiente no parque de madeira e en almacén de produto final	10	14

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla as entradas e as saídas de madeira en rolo no parque de madeira e identifica as que presenten desviacións, para determinar a cantidade e a calidade dos lotes de produto	SI
RA2 - Almacena a madeira en rolo con base nas súas características físicas, tendo en conta a relación dos criterios de clasificación, colocación e control coa súa conservación e co seu amoreamento en lotes homoxéneos	SI
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas, e comproba as súas características e o seu funcionamento	SI
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	SI
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	SI
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións de recepción e almacenamento de madeira	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizouse a madeira en rolo
CA1.2 Relacionáronse as fases do proceso de recepción da madeira en rolo
CA1.3 Relacionáronse os equipamentos de descarga e transporte dos materiais coas súas aplicacións e cos seus criterios de clasificación
CA1.4 Controlouse a descarga da madeira en rolo e garantiuse que non se producisen deterioracións no material
CA1.5 Contrastouse a madeira recibida no parque de madeira coa documentación de entrada correspondente
CA1.6 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas de madeira en rolo, en relación coa súa finalidade e coas fases do proceso
CA1.7 Revisouse a madeira recibida no parque de madeira, para detectar posibles anomalías
CA1.8 Separáronse as pezas con algunha desviación e clasificáronse como non conformes
CA1.9 Clasificáronse as pezas en función da súa finalidade e, de ser o caso, do tratamento que deban recibir
CA1.10 Rexistráronse as características do material e arquivouse a información, empregando sistemas informatizados para a xestión de existencias
CA1.11 Controláronse as existencias, mantivéronse os niveis mínimos e máximos marcados, e establecéronse os niveis de subministracións
CA2.1 Clasificouse a madeira en rolo de acordo cos plans de produción establecidos e coa normativa aplicable
CA2.2 Relacionáronse as fases do proceso de almacenamento da madeira en rolo
CA2.3 Controlouse a preparación das máquinas, das ferramentas e dos instrumentos necesarios para o almacenamento
CA2.4 Cubicouse a madeira en rolo para determinar o seu peso e o seu volume, de cara ao seu rexistro e ao seu uso posterior

Criterios de avaliación
CA2.5 Determináronse os espazos necesarios para o almacenamento e a manipulación de rolos, tendo en conta espazos de manobra e circulación de persoas
CA2.6 Distribuíronse os rolos no parque en función das súas características técnicas
CA2.7 Amoreáronse as toradas de madeira en lotes homoxéneos en condicións de seguridade e facilitouse a súa manipulación
CA2.8 Distribuíronse os lotes amoreados no parque de madeira, seguindo criterios de clasificación
CA2.9 Protexéronse os lotes amoreados no parque de madeira en rolo para evitar deterioracións
CA2.10 Valoráronse os principais danos que poden sufrir a madeira en rolo e as toradas de madeira na súa manipulación e na súa almacenaxe
CA3.1 Definiuse o transporte da madeira en rolo e outras materias primas, e asegurouse a súa integridade, segundo o documento indicativo de necesidades de material
CA3.2 Comprobouse que os medios de transporte estean en condicións de uso
CA3.3 Estableceuse a colocación dos produtos que cumpra trasladar e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación
CA3.4 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias nos plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas
CA4.1 Identificáronse os criterios de clasificación da madeira serrada
CA4.2 Controlouse a humidade dos lotes
CA4.3 Marcouse e empaquetouse a madeira utilizando os medios requiridos e atendendo a características técnicas
CA4.4 Distribuíuse o amoreamento de paquetes de madeira
CA4.5 Establecéronse as pautas de amoreamento de paquetes de madeira serrada tendo en conta a especie, o grosor, a calidade e o destino
CA4.6 Clasificáronse as escuadrías
CA4.7 Colocáronse as moreas de madeira coas fixacións de seguridade
CA4.8 Situáronse as moreas de madeira para posteriores tratamentos ou para a súa expedición
CA4.9 Expediuse a madeira húmida, seca e tratada
CA4.10 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas e saídas da madeira húmida e seca
CA5.1 Agrupáronse as materias primas e os produtos por lotes segundo o pedido cursado, de xeito que se poida verificar a súa composición
CA5.2 Etiquetáronse os lotes das materias primas e dos produtos, e consignouse a información necesaria
CA5.3 Seleccionouse o transporte das materias primas e dos produtos, de maneira que se asegure a súa integridade
CA5.4 Planificouse a estiba das materias primas e dos produtos, de forma que non sufran deterioración
CA5.5 Dispuxéronse os elementos de protección das cargas
CA5.6 Expedíronse e cargáronse as materias primas e os produtos cos medios adecuados, segundo as unidades de carga, volume e peso
CA5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias na recepción, na clasificación e na expedición de materias primas e produtos

Criterios de avaliación
CA5.8 Realizouse un inventario de existencias no almacén
CA5.9 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas e saídas de materias primas e produtos
CA6.1 Describiuse a normativa de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.2 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas de escasca e tronza de madeira en rolo
CA6.3 Descríbóronse as medidas de seguridade, de hixiene e de protección individual e colectiva que cómpre adoptar na execución de operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.4 Descríbóronse os elementos de seguridade das máquinas que se deben empregar nas operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.5 Utilizáronse as máquinas e os equipamentos respectando as normas de seguridade
CA6.6 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos
CA6.7 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas
CA6.8 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental
CA6.9 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA6.10 Recolléronse os residuos consonte as normas de protección ambiental

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Caracterización da madeira en rolo: especie, orixe, tamaño, calidade, contido en humidade, cor e veas.</p> <p>OTécnicas de arquivamento da documentación referente á materia prima e á recepción.</p> <p>Recepción e expedición en almacén. Fases dos procesos. Inventarios. Valoración de existencias.</p> <p>Equipamentos de transporte e manipulación da madeira en rolo e outros materiais. Descargas.</p> <p>Manexo e transporte interno de materiais e produtos.</p> <p>Documentación de almacenamento.</p> <p>Codificación e marcaxe dos materiais e dos produtos recibidos.</p> <p>Clasificación de materiais e produtos en recepción.</p> <p>Conformidade da recepción. Casos de non conformidade e actuacións.</p> <p>Ordes de saída e expedición.</p> <p>Clasificación e almacenamento da madeira en rolo.</p> <p>Máquinas, ferramentas e instrumentos.</p> <p>Colocación de madeira en rolo: técnicas e equipamentos.</p> <p>Parque de madeira. Organización. Situación das toradas de madeira almacenadas.</p> <p>Amoreamento da madeira en rolo e das toradas de madeira. Lotes. Distribución e criterios de clasificación. Protección. Medios.</p>

Contidos

Traslado no almacenamento da madeira. Danos na manipulación e no almacenamento do material.

Medios de manipulación para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Condicións de uso.

Identificación e manipulación dos produtos que cumpra trasladar.

Plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Continxencias.

Criterios de clasificación da madeira serrada.

Control da humidade da madeira serrada.

Documentación técnica.

Métodos de protección das moreas.

Operacións de manipulación e transporte do material.

Operacións de agrupamento, marcaxe e empaquetaxe.

Almacenaxe dos paquetes listos para expedición. Situación das moreas de madeira. Fixacións de seguridade. Inmobilización de cargas.

Equipamentos e medios para transporte e movemento da madeira.

Expedición.

Técnicas de preparación de pedidos. Identificación de lotes. Medios.

Elementos de protección de cargas.

Medios de manipulación para o traslado de materias primas e de produtos.

Estiba de materias primas e produtos.

Medios de carga.

Control das materias primas e dos produtos expedidos. Documentación técnica.

Normativa de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e almacenado de madeira en rolo e outras materias primas.

Factores e situacións de risco.

Medidas de seguridade e de protección individual e colectiva.

Hixiene nas operacións de recepción e almacenado de madeira.

Elementos de seguridade das máquinas utilizadas nas operacións de recepción e almacenado de madeira. Protección de elementos móbiles. Alarmas. Paros de emerxencia.

Medios e equipamentos de protección individual e colectiva.

Normativa reguladora da xestión de residuos.

Clasificación e almacenamento de residuos.

Tratamento e recollida de residuos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A recepción de produtos no parque de madeira.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla as entradas e as saídas de madeira en rolo no parque de madeira e identifica as que presenten desviacións, para determinar a cantidade e a calidade dos lotes de produto	NO
RA2 - Almacena a madeira en rolo con base nas súas características físicas, tendo en conta a relación dos criterios de clasificación, colocación e control coa súa conservación e co seu amoreamento en lotes homoxéneos	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas, e comproba as súas características e o seu funcionamento	NO
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	NO
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterizouse a madeira en rolo
CA1.2 Relacionáronse as fases do proceso de recepción da madeira en rolo
CA1.4 Controlouse a descarga da madeira en rolo e garantiuse que non se producisen deterioracións no material
CA1.6 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas de madeira en rolo, en relación coa súa finalidade e coas fases do proceso
CA1.7 Revisouse a madeira recibida no parque de madeira, para detectar posibles anomalías
CA1.8 Separáronse as pezas con algunha desviación e clasificáronse como non conformes
CA1.9 Clasificáronse as pezas en función da súa finalidade e, de ser o caso, do tratamento que deban recibir
CA1.10 Rexistráronse as características do material e arquivouse a información, empregando sistemas informatizados para a xestión de existencias
CA1.11 Controláronse as existencias, mantivéronse os niveis mínimos e máximos marcados, e establecéronse os niveis de subministracións
CA2.1 Clasificouse a madeira en rolo de acordo cos plans de produción establecidos e coa normativa aplicable
CA2.2 Relacionáronse as fases do proceso de almacenamento da madeira en rolo
CA2.4 Cubicouse a madeira en rolo para determinar o seu peso e o seu volume, de cara ao seu rexistro e ao seu uso posterior
CA2.5 Determináronse os espazos necesarios para o almacenamento e a manipulación de rolos, tendo en conta espazos de manobra e circulación de persoas
CA2.6 Distribuíronse os rolos no parque en función das súas características técnicas
CA2.10 Valoráronse os principais danos que poden sufrir a madeira en rolo e as toradas de madeira na súa manipulación e na súa almacenaxe
CA3.3 Estableceuse a colocación dos produtos que cumpra trasladar e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación
CA4.4 Distribuíuse o amoreamento de paquetes de madeira

Criterios de avaliación
CA4.5 Establecéronse as pautas de amoreamento de paquetes de madeira serrada tendo en conta a especie, o grosor, a calidade e o destino
CA4.8 Sitúáronse as moreas de madeira para posteriores tratamentos ou para a súa expedición
CA4.9 Expediuse a madeira húmida, seca e tratada
CA5.1 Agrupáronse as materias primas e os produtos por lotes segundo o pedido cursado, de xeito que se poida verificar a súa composición
CA5.4 Planificouse a estiba das materias primas e dos produtos, de forma que non sufran deterioración

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Caracterización da madeira en rolo: especie, orixe, tamaño, calidade, contido en humidade, cor e veas.</p> <p>Recepción e expedición en almacén. Fases dos procesos. Inventarios. Valoración de existencias.</p> <p>Manexo e transporte interno de materiais e produtos.</p> <p>Clasificación de materiais e produtos en recepción.</p> <p>Clasificación e almacenamento da madeira en rolo.</p> <p>Colocación de madeira en rolo: técnicas e equipamentos.</p> <p>Parque de madeira. Organización. Situación das toradas de madeira almacenadas.</p> <p>Amoreamento da madeira en rolo e das toradas de madeira. Lotes. Distribución e criterios de clasificación. Protección. Medios.</p> <p>Medios de manipulación para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Condicións de uso.</p> <p>Identificación e manipulación dos produtos que cumpra trasladar.</p> <p>Plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Continxencias.</p> <p>Control da humidade da madeira serrada.</p> <p>Métodos de protección das moreas.</p> <p>Almacenaxe dos paquetes listos para expedición. Situación das moreas de madeira. Fixacións de seguridade. Inmobilización de cargas.</p> <p>Expedición.</p> <p>Técnicas de preparación de pedidos. Identificación de lotes. Medios.</p> <p>Elementos de protección de cargas.</p> <p>Estiba de materias primas e produtos.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Criterios de calidade dos produtos asociados ao parque de madeiras.	15

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla as entradas e as saídas de madeira en rolo no parque de madeira e identifica as que presenten desviacións, para determinar a cantidade e a calidade dos lotes de produto	NO
RA2 - Almacena a madeira en rolo con base nas súas características físicas, tendo en conta a relación dos criterios de clasificación, colocación e control coa súa conservación e co seu amoreamento en lotes homoxéneos	NO
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	NO
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Revisouse a madeira recibida no parque de madeira, para detectar posibles anomalías
CA1.8 Separáronse as pezas con algunha desviación e clasificáronse como non conformes
CA1.9 Clasificáronse as pezas en función da súa finalidade e, de ser o caso, do tratamento que deban recibir
CA2.1 Clasificouse a madeira en rolo de acordo cos plans de produción establecidos e coa normativa aplicable
CA2.8 Distribuíronse os lotes amoreados no parque de madeira, seguindo criterios de clasificación
CA2.10 Valoráronse os principais danos que poden sufrir a madeira en rolo e as toradas de madeira na súa manipulación e na súa almacenaxe
CA4.1 Identificáronse os criterios de clasificación da madeira serrada
CA4.2 Controlouse a humidade dos lotes
CA4.3 Marcouse e empaquetouse a madeira utilizando os medios requiridos e atendendo a características técnicas
CA4.5 Establecéronse as pautas de amoreamento de paquetes de madeira serrada tendo en conta a especie, o grosor, a calidade e o destino
CA4.6 Clasificáronse as escuadrías
CA5.8 Realizouse un inventario de existencias no almacén

4.3.e) Contidos

Contidos
Caracterización da madeira en rolo: especie, orixe, tamaño, calidade, contido en humidade, cor e veas.
Clasificación de materiais e produtos en recepción.
Clasificación e almacenamento da madeira en rolo.
Traslado no almacenamento da madeira. Danos na manipulación e no almacenamento do material.

Contidos
Criterios de clasificación da madeira serrada.
Control das materias primas e dos produtos expedidos. Documentación técnica.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Os sistemas de almacenamento e transporte no parque de madeiras.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla as entradas e as saídas de madeira en rolo no parque de madeira e identifica as que presenten desviacións, para determinar a cantidade e a calidade dos lotes de produto	NO
RA2 - Almacena a madeira en rolo con base nas súas características físicas, tendo en conta a relación dos criterios de clasificación, colocación e control coa súa conservación e co seu amoreamento en lotes homoxéneos	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas, e comproba as súas características e o seu funcionamento	NO
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	NO
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Relacionáronse os equipamentos de descarga e transporte dos materiais coas súas aplicacións e cos seus criterios de clasificación
CA1.4 Controlouse a descarga da madeira en rolo e garantiuse que non se producisen deterioracións no material
CA2.3 Controlouse a preparación das máquinas, das ferramentas e dos instrumentos necesarios para o almacenamento
CA2.7 Amoreáronse as toradas de madeira en lotes homoxéneos en condicións de seguridade e facilitouse a súa manipulación
CA2.8 Distribuíronse os lotes amoreados no parque de madeira, seguindo criterios de clasificación
CA2.9 Protexéronse os lotes amoreados no parque de madeira en rolo para evitar deterioracións
CA3.1 Definiuse o transporte da madeira en rolo e outras materias primas, e asegurouse a súa integridade, segundo o documento indicativo de necesidades de material
CA3.2 Comprobouse que os medios de transporte estean en condicións de uso
CA3.4 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias nos plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas
CA4.7 Colocáronse as moreas de madeira coas fixacións de seguridade
CA4.8 Situéronse as moreas de madeira para posteriores tratamentos ou para a súa expedición
CA5.1 Agrupáronse as materias primas e os produtos por lotes segundo o pedido cursado, de xeito que se poida verificar a súa composición
CA5.3 Seleccionouse o transporte das materias primas e dos produtos, de maneira que se asegure a súa integridade
CA5.5 Dispuxéronse os elementos de protección das cargas
CA5.6 Expedíronse e cargáronse as materias primas e os produtos cos medios adecuados, segundo as unidades de carga, volume e peso
CA5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias na recepción, na clasificación e na expedición de materias primas e produtos

4.4.e) Contidos

Contidos

Equipamentos de transporte e manipulación da madeira en rolo e outros materiais. Descargas.

Manexo e transporte interno de materiais e produtos.

Máquinas, ferramentas e instrumentos.

Colocación de madeira en rolo: técnicas e equipamentos.

Traslado no almacenamento da madeira. Danos na manipulación e no almacenamento do material.

Medios de manipulación para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Condicións de uso.

Plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Continxencias.

Operacións de manipulación e transporte do material.

Equipamentos e medios para transporte e movemento da madeira.

Medios de manipulación para o traslado de materias primas e de produtos.

Estiba de materias primas e produtos.

Medios de carga.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os sistemas de información no parque de madeiras.	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Controla as entradas e as saídas de madeira en rolo no parque de madeira e identifica as que presenten desviacións, para determinar a cantidade e a calidade dos lotes de produto	NO
RA3 - Selecciona medios de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas, e comproba as súas características e o seu funcionamento	NO
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	NO
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Contrastouse a madeira recibida no parque de madeira coa documentación de entrada correspondente
CA1.6 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas de madeira en rolo, en relación coa súa finalidade e coas fases do proceso
CA1.8 Separáronse as pezas con algunha desviación e clasificáronse como non conformes
CA1.10 Rexistráronse as características do material e arquivouse a información, empregando sistemas informatizados para a xestión de existencias
CA1.11 Controláronse as existencias, mantivéronse os niveis mínimos e máximos marcados, e establecéronse os niveis de subministracións
CA3.3 Estableceuse a colocación dos produtos que cumpra trasladar e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación
CA4.3 Marcouse e empaquetouse a madeira utilizando os medios requiridos e atendendo a características técnicas
CA4.4 Distribuíuse o amoreamento de paquetes de madeira
CA4.9 Expediuse a madeira húmida, seca e tratada
CA4.10 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas e saídas da madeira húmida e seca
CA5.2 Etiquetáronse os lotes das materias primas e dos produtos, e consignouse a información necesaria
CA5.6 Expedíronse e cargáronse as materias primas e os produtos cos medios adecuados, segundo as unidades de carga, volume e peso
CA5.7 Demostrouse autonomía na resolución de pequenas continxencias na recepción, na clasificación e na expedición de materias primas e produtos
CA5.8 Realizouse un inventario de existencias no almacén
CA5.9 Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas e saídas de materias primas e produtos

4.5.e) Contidos

Contidos
OTécnicas de arquivamento da documentación referente á materia prima e á recepción.

Contidos

Recepción e expedición en almacén. Fases dos procesos. Inventarios. Valoración de existencias.

Documentación de almacenamento.

Codificación e marcaxe dos materiais e dos produtos recibidos.

Clasificación de materiais e produtos en recepción.

Conformidade da recepción. Casos de non conformidade e actuacións.

Ordes de saída e expedición.

Plans de transporte para o traslado de madeira en rolo e outras materias primas. Continxencias.

Control da humidade da madeira serrada.

Documentación técnica.

Operacións de agrupamento, marcaxe e empaquetaxe.

Técnicas de preparación de pedidos. Identificación de lotes. Medios.

Control das materias primas e dos produtos expedidos. Documentación técnica.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Os procedementos de prevención de riscos laborais e de protección ambiental	10

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Almacena a madeira en rolo con base nas súas características físicas, tendo en conta a relación dos criterios de clasificación, colocación e control coa súa conservación e co seu amoreamento en lotes homoxéneos	NO
RA4 - Recibe, clasifica e expide a madeira húmida e seca, e describe as súas características técnicas e o seu tratamento posterior	NO
RA5 - Recibe, clasifica e expide materias primas e produtos, tendo en conta a relación das súas características co seu uso posterior e co medio de carga e transporte seleccionado	NO
RA6 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións de recepción e almacenamento de madeira	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.7 Amoreáronse as toradas de madeira en lotes homoxéneos en condicións de seguridade e facilitouse a súa manipulación
CA4.7 Colocáronse as moreas de madeira coas fixacións de seguridade
CA5.3 Seleccionouse o transporte das materias primas e dos produtos, de maneira que se asegure a súa integridade
CA6.1 Describiuse a normativa de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.2 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas de escasca e tronza de madeira en rolo
CA6.3 Describíronse as medidas de seguridade, de hixiene e de protección individual e colectiva que cómpre adoptar na execución de operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.4 Describíronse os elementos de seguridade das máquinas que se deben empregar nas operacións de recepción e almacenamento de madeira
CA6.5 Utilizáronse as máquinas e os equipamentos respectando as normas de seguridade
CA6.6 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos
CA6.7 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas
CA6.8 Identificáronse as posibles fontes de contaminación do contorno ambiental
CA6.9 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA6.10 Recolléronse os residuos consonte as normas de protección ambiental

4.6.e) Contidos

Contidos
Almacenaxe dos paquetes listos para expedición. Situación das moreas de madeira. Fixacións de seguridade. Inmobilización de cargas.
Elementos de protección de cargas.
Normativa de prevención de riscos laborais nas operacións de recepción e almacenado de madeira en rolo e outras materias primas.

Contidos

Factores e situacións de risco.

Medidas de seguridade e de protección individual e colectiva.

Hixiene nas operacións de recepción e almacenado de madeira.

Elementos de seguridade das máquinas utilizadas nas operacións de recepción e almacenado de madeira. Protección de elementos móbiles. Alarmas. Paros de emerxencia.

Medios e equipamentos de protección individual e colectiva.

Normativa reguladora da xestión de residuos.

Clasificación e almacenamento de residuos.

Tratamento e recollida de residuos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos procedementais e mínimos esixibles que ten que superar o alumnado estarán vinculados as Unidades de Competencia asociadas ao módulo; esto é:

UC0169_2: Efectuar a recepción, clasificado e preparación da madeira en rolo.

Polo que tendo en conta o marcado no documento -Procedimiento de Evaluación y Acreditación de las Competencias Profesionales, Guías de Evidencia de la Competencia Profesional- do Ministerio de Educación y Formación Profesional, estes serán os que a continuación se enumeran:

- Controlar as entradas e saídas de madeira en rolo no parque de madeira, identificando as que presentan desviacións para determinar a cantidade e calidade dos diversos lotes de produto, cumprindo a normativa aplicable en prevención de riscos.
- Almacenar a madeira en rolo, clasificándoa para o seu amoreamento en lotes homoxéneos, atendendo a características físicas e distribuindoas segundo o plan de produción establecido, cumprindo a normativa aplicable en prevención de riscos laborais e medioambiente.
- Preparar a área de traballo de descortizado e tronzado da madeira, de acordo ao plan de produción establecido, para garantir a hixiene e seguridade, de acordo aos requerimentos produtivos
- Preparar as máquinas de descortizado e tronzado de madeira, de acordo ao plan de produción establecido para conseguir a operatividade dos mesmos. -Efectuar as operacións de descortizado e tronzado da madeira en rolo de acordo ao plan de produción establecido, eliminando os residuos para a obtención de toras de serrado, cumprindo a normativa aplicable.

Os puntos anteriores tradúcense nos criterios de avaliación seguintes:

CA1.1 - Caracterizouse a madeira en rolo

CA1.2 - Relacionáronse as fases do proceso de recepción da madeira en rolo

CA1.3 - Relacionáronse os equipamentos de descarga e transporte dos materiais coas súas aplicacións e cos seus criterios de clasificación

CA1.6 - Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas de madeira en rolo, en relación coa súa finalidade e coas fases do proceso

CA1.8 - Separáronse as pezas con algunha desviación e clasificáronse como non conformes

CA1.9 - Clasificáronse as pezas en función da súa finalidade e, de ser o caso, do tratamento que deban recibir

CA1.10 - Rexistráronse as características do material e arquivouse a información, empregando sistemas informatizados para a xestión de existencias

CA2.1 - Clasificouse a madeira en rolo de acordo cos plans de produción establecidos e coa normativa aplicable

CA2.2 - Relacionáronse as fases do proceso de almacenamento da madeira en rolo

CA2.4 - Cubicouse a madeira en rolo para determinar o seu peso e o seu volume, de cara ao seu rexistro e ao seu uso posterior

CA3.1 - Definiuse o transporte da madeira en rolo e outras materias primas, e asegurouse a súa integridade, segundo o documento indicativo de necesidades de material

CA3.3 - Estableceuse a colocación dos produtos que cumpra trasladar e facilitouse a súa identificación e a súa manipulación

CA4.1 - Identificáronse os criterios de clasificación da madeira serrada

CA4.10 - Formalizáronse os documentos utilizados no control de entradas e saídas da madeira húmida e seca

CA5.1 - Agrupáronse as materias primas e os produtos por lotes segundo o pedido cursado, de xeito que se poida verificar a súa composición

CA5.2 - Etiquetáronse os lotes das materias primas e dos produtos, e consignouse a información necesaria

CA5.3 - Seleccionouse o transporte das materias primas e dos produtos, de maneira que se asegure a súa integridade

CA5.8 - Realizouse un inventario de existencias no almacén

CA6.2 - Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación dos materiais, as ferramentas, os utensilios e as máquinas de

escasca e tronza de madeira en rolo

CA6.3 - Descríbense as medidas de seguridade, de hixiene e de protección individual e colectiva que cómpre adoptar na execución de operacións de recepción e almacenamento de madeira

CA6.4 - Descríbense os elementos de seguridade das máquinas que se deben empregar nas operacións de recepción e almacenamento de madeira

CA6.5 - Utilizáronse as máquinas e os equipamentos respectando as normas de seguridade

CA6.7 - Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas

CA6.9 - Clasifícanse os residuos xerados para a súa retirada selectiva

CA6.10 - Recolléronse os residuos consonte as normas de protección ambiental

2.- Criterios de cualificación

Para a cualificación do alumnado teranse en conta dous instrumentos de avaliación:

-Probas escritas; que serán, como mínimo, de unha por trimestre, realizaranse na época que determine o alumnado por decisión maioritaria do mesmo. Estas serán de 2 tipos:

-Examen tipo test, de non máis de 30 preguntas nin menos de 10 con 4 ou 3 posibles eleccións; neste caso a nota calcúlase da seguinte forma:
 $N = Ac - (e/n)$

Sendo "Ac" o número de acerto, "e" o número de erros e "n" as posibles alternativas de resposta en cada pregunta; no caso de probas que presenten preguntas cun número distinto de alternativas de resposta o valor de "n" estará determinado polas preguntas que presenten un menor número de alternativas de resposta.

-Examen con preguntas para o seu desenrolo.

No caso de que para avaliar unha Unidade didáctica determinada, ou actividade da mesma, se empreguen os dous tipos de exames a nota da mesma será o resultado, aproximado á cifra enteira mais próxima, da seguinte fórmula::

$N = (D * 0,4) + (T * 0,60)$; sendo D a nota media do exame de preguntas de desenrolo e T a nota do exame tipo tets. Neste caso, os dous tipos de exames consideraranse como unha proba única.

Cada un dos exames calificarase de 1 a 10 puntos; a nota dos exames con preguntas de desenrolo será a suma do valor das preguntas individuais, están estarán indicadas no encabezado da pregunta. A nota do exame tipo tets calcularase según a formula indicada anteriormente.

A nota "A" desta parte será a media aritmética das probas realizadas na avaliación.

-Traballos e/ou exercicios individuais así como traballos colectivos, que serán entregados durante o periodo de avaliación considerado. Estes consistirán nunha parte documental e nunha parte expositiva dos contidos pedidos; cada traballo calificarase de 1 a 10 puntos, tendo cada unha das partes un peso do 50% na nota do traballo. As rúbricas de corrección dos diferentes traballos estarán a disposición do alumnado na aula virtual do módulo.

Obterase unha nota "B" que será a media aritmética dos traballos entregados nunha mesma avaliación.

Os traballos teñen que ser entregados en tempo e forma, polo que na súa cualificación terase en conta non só o nivel obxectivo acadado, senón que tamén o cumprimento dos tempos marcados para a súa entrega; por cada día que se sobrepase a data límite fixada suporá a resta dun punto nese traballo.

Non presentar máis do 40% dos traballos pedidos para cada avaliación implican o suspenso en dita avaliación.

A nota final da avaliación será o resultado, aproximado á cifra enteira mais próxima, da seguinte fórmula:

$$N = (A * 0,9) + (B * 0,10)$$

Para o caso de aqueles traballos nos que se vexa que a súa calidade excede do que se lle pide ao alumnado, o peso do mesmo na nota final poderá subir do valor anteriormente mencionado (10%).

Considerarase que o alumnado supera o módulo cando a nota total é superior ou igual a 5.

No caso de que se teñan que levar a cabo as ensinanzas de forma semipresencial ou online de forma exclusiva terase en conta o seguinte: Neste módulo xa plantexa o uso dunha aula virtual, que funcionará de forma habitual durante o curso, non se considera que sexa preciso implantar medidas adicionais para poder continuar co proceso de ensino-aprendizaxe de ser preciso recurrir a formación semipresencial ou completamente online, dado que o material que se lle sube a plataforma dixital é todo o que se emprega na aula presencial. Como plataformas de formación online empregaranse Moodle.

Contemplaranse o uso de plataformas de comunicación por vídeo para impartir docencia no caso de semipresencialidade ou a totalidade online; para isto empregaranse as plataformas webex, skype ou aquelas que o alumnado considere que lle son máis doadas o seu uso (considérase como opción principal webex ou skype, a primeira por ser a que facilita a administración educativas e a segunda por ser a de maior uso entre o alumnado).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Ao remate do curso terá lugar unha proba escrita final á que cada alumno irá coa parte dos RA do módulo que teña suspensos; ademais desta proba, o alumnado terá que ter entregados, como mínimo, o 75% dos traballos e exercicios desenvolvidos durante o curso.

A proba de recuperación basearanse na realización de 2 tipos de exames:

-Examen tipo test, de non máis de 30 preguntas nin menos de 10 con 4 ou 3 posibles eleccións; neste caso a nota calcúlase da seguinte forma:
 $N = Ac - (e/n)$

Sendo "Ac" o número de acerto, "e" o número de erros e "n" as posibles alternativas de resposta en cada pregunta; no caso de probas que presenten preguntas cun número distinto de alternativas de resposta o valor de "n" estará determinado polas preguntas que presenten un menor número de alternativas de resposta.

-Exame con preguntas para o seu desenrolo.

A nota desta proba será o resultado, aproximado á cifra enteira mais próxima, da seguinte fórmula::

$N = (D * 0,4) + (T * 0,60)$; sendo D a nota media do exame de preguntas de desenrolo e T a nota do exame tipo tets.

Cada un dos exames cualificarase de 1 a 10 puntos; a nota dos exames con preguntas de desenrolo será a suma do valor das preguntas individuais, están estarán indicadas no encabezado da pregunta. A nota do exame tipo tets calcularase segundo a formula indicada anteriormente.

Cando o profesor o estime conveniente, e só en casos puntuais, este exame, ou parte dos RA pendentes, poderá substituírse por algún exercicio práctico ou traballo no que o alumnado demostre acadar os obxectivos mínimos fixados.

A nota desta proba de recuperación calcularase do xeito seguinte:

$N = (A * 0,7) + (B * 0,3)$, sendo A a nota da proba escrita e B a nota dos traballos realizados durante o curso.

As datas nas que se estableza a proba de recuperación marcaráas de mutuo acordo o profesor e o alumnado afectado.

Para poder superar o módulo esta nota ten que ser igual ou superior a 5 en calquera das situacións anteriormente citadas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumno/a que teña perdido o dereito a avaliación continua por acumulación de faltas de asistencia, realizará unha proba extraordinaria ó final do curso; no seu momento publicarase a data e lugar de celebración. Dita proba consistirá na realización dun exame que se comporá, como mínimo, de catro preguntas por avaliación. As mesmas serán desenvolvidas polo/a alumno/a nun tempo máximo de dúas horas e media. O profesor resérvase o dereito de modificar os contidos do exame para aqueles/as alumnos/as que teñan demostrado unha asistencia regular e

madurez suficiente, aínda perdendo o dereito á avaliación continua.

Dito exame cualificarase de 1 a 10 puntos; a nota será a suma do valor das preguntas individuais, están estarán indicadas no encabezado da pregunta.

Para poder superar o módulo esta nota ten que ser igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos o profesorado que imparten clase no grupo de 2º Ciclo Medio de Procesamento e Transformación da Madeira, celebrarán, como mínimo, unha vez ao mes unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Na mesma, ademais de concretar o grao de cumprimento da programación, analizaranse as modificacións que sexa preciso introducir, de ser o caso, xustificando o por que das mesmas.

As propostas de modificacións da programación do módulo proporanse en función da observación do alumnado, tanto no que se refire aos RA como aos CA.

As modificacións na programación servirán de base de cara a programación do seguinte curso.

O proceso de avaliación docente farase mediante, por un lado, as reunións do equipo docente (revisión entre iguais) e, polo outro, o seguimento dos resultados académicos do grupo (autoavaliación por parte do profesor) e a reflexión entre o docente e o alumnado, tanto en grupo co a nivel individual. Os indicadores de logro empregados serán os seguintes:

- Os resultados académicos foron satisfactorios.
- Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
- Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
- Conseguiuse un ambiente motivador na aula.
- Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
- Participouse nas actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (Actividades Complementarias de Formación, EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
- Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
- As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizarlas e comentalas tanto na clase como a nivel individual.
- Mantívose contacto coas familias cando estas o solicitasen para seren informadas de todo o proceso de ensino aprendizaxe das fillas ou fillos, tendo en conta que no caso de alumnado maior de idade é precisa a autorización por parte do alumno/a.
- Mantívose un diálogo aberto co alumnado a respecto da práctica docente do profesor.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebrará unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa do alumnado. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo; e informarase dos resultados da fase de formación en empresa do curso anterior, especialmente da valoración feita por parte das persoas titoras de empresa.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular para algún alumnado específico.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tanto polo seu nivel académico coma polos seus intereses e grao de motivación, polo seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, polos coñecementos previos, experiencias, etc. Os alumnos e alumnas son moi diversos. Por iso os docentes debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase do centro educativo.

Por outra parte, cada vez máis, contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- Con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Con altas capacidades intelectuais.
- Obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Para poder incorporar ás aulas toda esta variedade de alumnado, contaremos co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación e co equipo docente. Decidirase así que alumnado do Ciclo Formativo precisa de medidas de apoio ou de Adaptación Curricular, así como aquel que precise dun seguimento máis individualizado para podermos facilitar que acade os RA; deste xeito poderanse acadar os obxectivos programados.

Canto ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades en colaboración co equipo docente e atendendo ás pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salienta:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica.
- Control do traballo feito e recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.).
- Atención especial nos exames: marcar claramente e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Disposición adecuada ás necesidades no espazo da aula: lugar da mesa e compañeiros.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

De se dar o caso de contarmos con alumnado que estea diagnosticado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) ou con Trastorno do Espectro Autista poñeremos a funcionar os protocolos de actuación específicos que están deseñados e publicados pola Consellería de Educación.

Segundo os informes e indicacións do Departamento de Orientación, planifícanse e aplican as medidas de reforzo educativo para aquel alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Baixo a supervisión e colaboración do profesorado estas medidas consistirán en traballos, resumos, esquemas ou fichas que poidan ser efectuadas de forma autónoma polo alumnado.

Especial atención aos alumnos con TDAH diagnosticado ou outro tipo de trastorno seguindo as indicacións do departamento de orientación.

Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderá levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O obxectivo primeiro da formación profesional é conseguir facer do noso alumnado uns traballadores/as responsables en todas as facetas da súa labor. Trabállanse e aválpanse conceptos como a puntualidade, o interese, o compañerismo, a toma de decisións, saber dirixir ou acadar ordes, etc.

Outros valores:

-Educación para a convivencia:

Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

-Educación para a saúde:

Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental. Contidos a desenvolver en tódolos módulos dentro da formación de prevención de riscos laborais.

-Educación para a paz:

Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

-Educación do consumidor:

Trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado. Criterios de ecoloxía e sostenibilidade nos materiais e nos procesos.

-Educación non sexista:

Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

-Educación ambiental:

A través da visualización de documentais televisivos reflexionase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións. Criterios de ecoloxía e sostenibilidade nos materiais e nos procesos.

-Educación vial:

Fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Como actividades que complementen a formación na aula realizarase a visita a algunha empresa, feira ou exposición do sector da madeira, decoración e mobiliario. Estas visitas teñen como obxectivo acercar a realidade industrial ó alumnado co fin de que poidan observar a aplicación práctica do exposto na clase.

Tamén se procurará a realización de charlas impartidas por persoal de empresas do sector ou docentes da universidade no propio centro así como na participación en conferencias telemáticas organizadas por outros centros de educación ou empresas. Especialmente procurárase a participación en charlas impartidas pola empresa Finsa en colaboración cos departamentos de madeira de diversos centros de FP de Galicia; esta actividade ten a denominación de madeiraFP_Galicia (<https://sites.google.com/finza.es/madeirafpgalicia>)

Estas actividades serán aprobadas en reunións de departamento onde se propoñerán.

10. Outros apartados

10.1) Adecuación as instalacións do centro educativo

A programación desenvolverase, na medida do posible, atendendo as instalacións dispoñibles no centro educativo. Aquelas cuestións que non se poidan desenvolver no centro educativo por carecer de equipamento, desenvolveranse durante a fase de formación na empresa.

10.2) Información ao alumnado

Nos primeiros días de clase o docente explicará esta programación e os criterios de calificación; a medida que se incorpore novo alumnado, repetiráselle a programación e criterios de calificación.

A programación do módulo estará a disposición do alumnado na aula virtual do mesmo así como na páxina web do CIFP.